

CONVOCATORIA DO TERCEIRO CERTAME DE GRUPOS MUSICAIS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No seu artigo 7.b, os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela recoñecen que

Son dereitos de todos os membros da comunidade universitaria, no marco das previsións contidas na lexislación vixente: A organización, promoción e participación en actividades formativas, culturais, recreativas e deportivas e de extensión universitaria, e a utilización das instalacións e dos servizos universitarios, conforme o que establezan as normas da Universidade.

Na súa virtude, e co ánimo de fomentar a iniciativa cultural dos membros da comunidade universitaria, nomeadamente no ámbito da música, a Vicerreitoría de Estudantes e Cultura fai pública a convocatoria da 2ª edición do Certame de Grupos Musicais da USC.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A finalidade da convocatoria é a de fomentar e facer visible a actividade artística e creativa no ámbito da música moderna da comunidade universitaria da USC e, dun xeito especial, do seu estudiantado.

2.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

2.1. Poderá participar nesta convocatoria calquera membro da comunidade universitaria.

2.2. As persoas participantes poden inscribirse de maneira individual ou como grupo. No caso dos grupos, requírese que teñan entre os seus compoñentes polo menos 2 membros da comunidade universitaria, ou 3 no caso de grupos de 5 ou máis compoñentes. Todos os membros do grupo deberán cumprir os requisitos da convocatoria.

2.3. Non poderán participar na presente edición os grupos ou os concursantes individuais que xa obtivesen algún premio nas dúas edicións anteriores deste certame.

2.4. Cada participante ou grupo poderá presentar unicamente unha solicitude.

2.5. Os temas presentados teñen que ser orixinais e non poden ter sido premiados en ningún outro concurso. Non poden tomar parte nesta convocatoria quen teña editado algún traballo discográfico, agás que sexa autoeditado e que non contén con respaldo discográfico na actualidade.

3.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude de participación, xunto coa documentación requirida, deberá presentarse no modelo que figura como Anexo a esta convocatoria por parte da persoa que represente ao grupo. As solicitudes deberán dirixirse á Vicerreitoría de Estudantes e Cultura e presentarse no Rexistro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela:

<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/rexistroEntrada/acceso.htm>,

desde o día seguinte da publicación da Convocatoria no Taboleiro Electrónico da USC ata o 7 de xaneiro de 2026.

4.- DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

- a) **Solicitude de participación** (anexo I) cos datos da persoa membro da comunidade universitaria que actuará en nome do grupo e que será responsable, no seu caso, do reparto do premio. Esta solicitude conterá ademais a ficha artística na que conste o nome do grupo, o dos seus integrantes, a súa vinculación coa USC, o título do/s tema/s presentado/s coa súa autoría tanto da música como das letras e unha breve descrición do estilo.
- b) **Declaración responsable** de cada unha das persoas do grupo (anexo II) que recolla a circunstancia de non concorrer con algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e de estar ao día respecto dos pagos coa Universidade; de non ter editado ningún traballo discográfico (agás autoedicións); de que se aceptan as bases da convocatoria; de que todos os datos incorporados á solicitude se axustan á realidade e que se entende que a inexactitude do declarado implica a denegación ou revogación do premio. No caso dos grupos, a declaración deberá ser asinada tanto pola persoa representante como por todo o resto das persoas integrantes do grupo motivando en cada caso a súa pertenza ou non á Comunidade Universitaria da USC.
- c) **Autorizacións escritas** de calquera persoa cuxa imaxe apareza nos materiais presentados nas que expresamente ceden os seus dereitos de imaxe. O equipo de participantes será o responsable de recompilar ditas autorizacións por cada un dos participantes (anexo III).

- d) **Un único vídeo subido á plataforma Youtube** en modo público, cunha interpretación en directo de non máis de 15 minutos de duración, indicando no campo correspondente do formulario a ligazón a dito vídeo. Tanto a elaboración do vídeo como a súa subida a dita plataforma corren a cargo dos participantes.

4.- PRESELECCIÓN, SELECCIÓN E RESOLUCIÓN DE GANADORES

Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes e antes da actuación do xurado, publicarase unha lista provisoria de solicitudes admitidas e excluídas e abrirase un prazo de cinco (5) días hábiles para que as persoas solicitantes excluídas poidan emendar os defectos que motivaron a exclusión da solicitude.

Desenvolvemento do certame.-

4.1. Preselección.-

O xurado estará presidido pola Vicerreitora de Estudantes e Cultura ou persoa en quen delegue e formado por outras 4 persoas das que polo menos 2 estean vinculadas actualmente á industria musical. A composición do xurado darase a coñecer cando se publique a lista de solicitudes admitidas e excluídas. Este xurado preseleccionará tres propostas de entre todas as presentadas, tendo en conta:

1. Valoración artística. Orixinalidade e instrumentación. **3,5 puntos**
2. Valoración técnica. Afinación e execución. **3,5 puntos**
3. Posta en escena. **2 puntos**
4. Uso do galego. **1 punto**

En todo caso, o xurado excluírá as propostas que presenten contidos de carácter sexista, xenófobo, homófobo ou calquera outro que poida atentar contra o respecto dos dereitos humanos.

4.2. Selección.-

Unha vez finalizada a fase de preselección e publicada a súa resolución, abrirase a fase de selección final que determinará as propostas gañadoras a través dunha actuación en directo nalgún dos concertos da Primavera Cultural 2026, cunha intervención dun máximo de 10 minutos por aspirante.

As persoas aspirantes seleccionadas para a fase final que non acudan a actuar en directo non poderán optar a ser premiados.

O xurado descrito na fase anterior poderase complementar con algunha persoa asistente ao concerto, escollida por sorteo.

Todos os actos derivados da presente convocatoria, incluída a fase de selección final, publicaranse no Taboleiro Electrónico da USC e na web de Cultura da USC.

As decisións do xurado en calquera das dúas fases serán inapelables.

5.- PREMIOS

Establécense tres premios:

Primeiro premio, de 800 euros

Segundo premio, de 450 euros

Terceiro premio, de 250 euros

A contía económica indicada estará suxeita ás retencións legalmente establecidas de acordo coa lexislación fiscal.

A dita contía será aboada mediante cheque bancario á persoa designada para tal fin no documento que acompaña a solicitude.

A dotación do crédito para facer fronte a estas contías económicas efectúase na partida 8043.4200.28500 dos orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2025.

A persoa membro da USC que presenta a proposta será a responsable de recoller e repartir o entre o resto do grupo.

Algún dos premios ou a totalidade deles pode quedar deserto.

6.- CONDICIÓN E CESIÓN DE DEREITOS

A inscrición no concurso implica a aceptación das seguintes condicións:

1. As persoas participantes garanten ser titular/es do material inédito presentado ou, no caso de material doutra autoría, respectar todos os dereitos de propiedade intelectual sobre o contido dos materiais presentados, e que os mesmos non estean suxeitos a contratos, cesións ou licencias a terceiros de dereitos de autor ou propiedade intelectual ou de outros dereitos diferentes aos previamente autorizados para o premio, estando libre de calquera gravame ou carga. A Universidade de Santiago de Compostela non tería así ningunha responsabilidade fronte a reclamacións ou queixas de terceiros en relación aos dereitos que puideran derivar dos materiais e, polo tanto, fronte a calquera reclamación de terceiros derivada do incumprimento da citada garantía.
2. As persoas participantes consenten expresamente a utilización, publicación e reprodución sen límite xeográfico nin temporal por parte da Universidade de Santiago de Compostela da súa imaxe, voz e nome en calquera tipo de publicidade, promoción, publicación, incluído

Internet, ou calquera outro medio, con fins comerciais ou informativos, sen contraprestación ou remuneración económica de ningún tipo.

3. Calquera persoa cuxa imaxe apareza nos materiais presentados deberá asinar unha autorización na que expresamente ceda os seus dereitos de imaxe. O equipo de participantes será o responsable de recompilar, para a súa posterior entrega, unha autorización por cada un dos participantes.
4. Ningún material atentará contra o contido da Constitución Española e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
5. A presentación da solicitude de participación supón a total aceptación das bases descritas na presente convocatoria.

7.- PROTECCIÓN DE DATOS

No caso de que o cumprimento da presente convocatoria supoña a necesidade de acceder a datos de carácter persoal, o tratamento dos mesmos realizarase respectando o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais no que resulte de aplicación.

O responsable do tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela, cuxos datos de contacto son: Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, protecciondatos@usc.gal Tamén pode poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico dpd@usc.es

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte o da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativo, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

(Por delegación de competencias. R.R. do 21 de abril de 2022, DOG
do 26 de abril de 2022)
A Vicerreitora de Estudantes e Cultura
Pilar Murias Fernández

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL PILAR MURIAS FERNANDEZ,
VICERREITORA DE ESTUDANTES E CULTURA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/10/2025
09:05:49.

CSV: 570B-5320-4D96-8894